

VIEIROS

Xestionado por [Vieiros](#)

XIX PREMIO DE POESÍA EUSEBIO LORENZO BALEIRÓN

Os días de Rafa Villar

Escoración dos días, de Rafa Villar, foi a obra gañadora do XIX premio de poesía Eusebio Lorenzo Baleirón, concedido polo Concello de Dodro. O autor, nado en Cee en 1968, explicou que o seu libro recupera un tópico tan clásico coma o paso do tempo, presente en todas as épocas e literaturas. Pero, neste caso, o *tempus fugit* vese trasladado ao mundo actual e ás dificultades que trae consigo a sociedade de consumo, como as présas e a imposibilidade de aproveitar o escaso tempo libre do que se dispón.

- 17:42 13/12/2006

Son 44 poemas que se van sucedendo e entrelazando, de xeito que o derradeiro verso de cada composición é o primeiro da seguinte. Villar amosa as súas impresións dende o punto de vista dun 'nós', non do 'eu', coma un individuo que forma parte dun pobo ou dunha clase social e que tenta comunicarlle as súas preocupacións á colectividade na que se inscribe.

Rafa Villar recibiu con satisfacción o fallo do xurado, tanto polo feito de que a meirande parte dos seus compoñentes sexan máis novos ca el coma porque o galardón vai asociado ao nome de Eusebio Lorenzo Baleirón, poeta nado en Laíño (Dodro) en 1962 e que morreu prematuramente nos anos 80, deixando "unha obra que apuntaba alto".

O premio Lorenzo Baleirón está dotado con 2.300 euros e a publicación do traballo. Casualmente, Rafa Villar ten previsto editar o ano que vén dous libros máis: *Memoria de Ahab*, en Sotelo Blanco, e o poemario infantil *Acuarelas*, en Galaxia, aos que se sumará *Escoración dos días*, despois dun lustro sen publicar. O domingo, ás seis da tarde, o autor asistirá á entrega do galardón, que terá lugar no colexio público de Dodro.